

Empezar de novo sen nostalxia

O cambio sempre asusta, sobre todo cando as nosas experiencias foron fortes e gratificantes. Experimentámolo en todas as etapas da vida, nos nosos estudos e no traballo, en todas as realidades políticas, sociais e organizativas, sobre todo cando vivimos roles de responsabilidade que non queremos perder.

Gustaríanos que certas experiencias non acabaran nunca. Pero esto é enganarse. Permanecer en “experiencias verdadeiras e belas” non nos fai vivir a vida, porque a vida mesma é cambio e está é a dinámica que a fai fascinante incluso cando é dolorosa.

Explicouno moi ben Cicely Saunders, fundadora do primeiro hospital de paliativos moderno. Unha muller extraordinaria que como enfermeira, traballadora social e médico “inventou” unha nova forma de coidar as personas nos seus momentos máis difíciles. O tempo das experiencias reais, segundo ela, é un tempo feito de profundidade máis que de duración. “As horas das relacións reais semellan pasar nun instante, mentras que os días aburridos semellan non pasar nunca. Pero co pasar dos anos, as horas auténticas quedan impresas para sempre, os días inútiles esvaécense na nada”¹.

Estos intres xenuínos – incluso cando se viven na dor e na escuridade– poden transformarse, tal vez co asombro e emoción, en ocasións de profunda paz e de luz. Estás pasaxes, sobre todo cando van acompañadas dunha auténtica relación cos demais, poden axudarnos e darnos forzas para afrontar as dificultades, as probas, os sufrimentos e as fatigas que atopamos no camino. Anímannos a **comenzar de novo** sen medo, afrontando con audacia o que nos espera indo ao encontro do outro e acoitando as dores da humanidade que nos rodea, poñéndonos en xogo, co desexo de levar alí onde falta, esa luz e esa paz que nós mesmos experimentamos.

Dietrich Bonhoeffer dicía: “O tempo perdido sería un tempo non vivido no que non tiveramos amado”².

Qué ocorre cando estas verdadeiras experiencias parecen desaparecer e xa non están ahí? Quita este valor á experiencia e ás raíces? En absoluto. O valor da memoria é o fundamento mesmo do progreso humano. Ademais, como di o filósofo George Santayana: “quen non recorda o pasado está condenado a repetilo”.

Houbo quenes antes que nós gastaron as súas vidas pola nosa liberdade e felicidade. Debemos ser quen de voltar ás experiencias que cimentaron a nosa vida persoal e dos nosos grupos para ter a forza de voltar a empezar sempre, incluso en tempos de dúbida, fraxilidade e cansanzo.

¹ Cicely Saunders. Premio Templeton 1981

² Dietrich Bonhoeffer. “Resistencia y rendición” cartas y escritos desde la cárcel